

Asunto: informe sobre Parque Eólico Ventumelo

Promotor: Wind Hero, S.L.

Localización: Concellos de San Xoán de Río e A Pobra de Trives na provincia de Ourense e Ribas de Sil, na provincia de Lugo

Clave: IN408A 2019/079

ANTECEDENTES:

o proxecto indicado é unha solicitude sobre o estudo de impacto ambiental da instalacións do parque eólico de referencia .

Polo promotor preséntase o Estudio de Impacto ambiental así como Proxecto técnico da actuación Parque Eólico Ventumelo nos termos municipais dos Concellos de San Xoán de Río e A Pobra de Trives na provincia de Ourense e Ribas de Sil, na provincia de Lugo.

Por parte do Servizo de Enerxías Renovables e Eficiencia Enerxética da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía Empresa e Innovación, solicita informe dentro das nosas competencias, especialización ou de actuación, sobre o devandito documento.

Con data 6 de Outubro de 2021 preséntase no rexistro electrónico da Xunta de Galicia, solicitude de Autorización Administrativa, Aprobación de Proxecto de Execución, Aprobación do Proxecto Sectorial das instalacións de produción de enerxía eléctrica do proxecto denominado Parque Eólico Ventumelo a través do Servizo de Enerxías Renovables e Eficiencia Enerxética da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía Empresa e Innovación, de tal xeito que se emite pertinente informe relativo a afección turística da instalación.

DATOS TECNICOS.

O Parque proxectado consiste na instalación de 12 novos aerogeneradores acadando una potencia total de 50,00 MW, o modelo de aerogenerador seleccionado VESTAS V150 cun diámetro máximo de rotor de 150 m e altura máxima de buxe ata 180 m.

INFORME

Segundo o Estudo de Impacto Turístico do Proxecto Parque Eólico Ventumelo tras analizar todos os posibles impactos que o mesmo puidese xerar, dedúcese que devandito proxecto produce un impacto global significativo nas fases construtivas e da explotación, polo que, coa consideración das medidas preventivas e correctoras que deben activarse na posta en marcha do Programa de Vixilancia Ambiental, hai que sinalar:

- A fase de construción pode se considera significativa no aspecto turístico pola existencia de maquinaria na contorna das obras nun breve período de tempo.

TURISMO DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA
E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Estrada Santiago Noia, km 3 (A Barcia)
15897 Santiago de Compostela
turismo.gal



- Na fase de explotación, considérase significativa debido ás emisións sonoras e impacto visual.

Por outra banda dado que os efectos poden ser significativos, entendéndose como aquel que se manifesta como unha modificación do medio ambiente dos recursos naturais, o de seus procesos fundamentais de funcionamento que produza o poda producir no futuro repercusións apreciable, é necesario que se establezan medidas preventivas o correctoras no desenvolvemento da explotación.

CONCLUSIÓN

As afeccións á explotación de parques eólicos que poidan desvirtuar ou alterar o entorno da súa ubicación, modificando claramente a súa orixinalidade tanto na características que o definen como nos intereses turísticos particulares e xerais creados no entorno, é importante ter presente tamén criterios concretos nalgún dos casos imposibles de salvar que serán respectados no cumprimento da normativa turística aprobada e tidos en conta e que tratan de fomentar non só os aspectos económicos da nosa Comunidade Autónoma senón tamén protexer a súa entidade como rexión histórica e diferenciada das demais, foco dun turismo diferenciado.

Dado o alcance das actuacións que pretendese facer e segundo o estudo de impacto turístico achegado como documentación complementaria pódese concluír que o impacto que terá o parque eólico Eólico Ventumelo no turismo rural local así como na súa contorna é REDUCIDO e que deberán ser atenuados polas medidas compensatorias e correctivas a incluír na Declaración de Impacto Ambiental.

Santiago de Compostela, asinado por sinatura electrónica á marxe por Luís Gestal Ernau, xefe da Área de Obras e Mantemento

